

INSTRUCCIÓN PARA A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES PROPOSTAS DA MATERIA DE INGLÉS – 4º DE PRIMARIA

SEMANA 23/03/20 – 27/03/20

¡IMPORTANTE ANTES DE COMEZAR! Todas as actividades débense realizar no caderno de inglés, **non fai falta imprimir nada**.

Cada documento inclúe as respostas para corrixir unha vez a actividade está rematada. É importante e recomendable **revisar todo o feito antes de corrixir** para darse conta dos posibles erros.

- **Ficha 1: Who can help me?**

Nesta ficha leredes a descrición de diferentes profesións. Tendes que intentar averiguar de que traballo se trata e **escribilo e debuxalo ó lado da frase**. Se non sabedes como dicir esa profesión en inglés, consultade o seguinte **dicionario en liña**: <https://www.wordreference.com/>

Así pois, para a realización desta actividade, tendes que copiar no voso caderno de inglés a frase que aparece na columna esquerda. Por exemplo, a primeira frase é “I need to cross the road”. Pensade que profesión pode ser, deixade espazo para facer o debuxo e escribídea. Unha vez rematadas todas as frases, repasade e comprobade as vosas respostas, as cales atópanse ó final do documento. Unha vez están todas as respostas corrixidas, podedes facer o debuxo de cada profesión.

- **Ficha 2: Present tense exercise.**

Nesta actividade imos a seguir repasando o verbo que estamos a traballar nesta unidade, o “**Present Tense**” (o tempo presente) coa conxugación de “**do**” e “**does**”. Para a realización deste exercicio, aconsello que repasesdes e consultedes os apuntes de clase que vos din e que tendes pegados no caderno.

Nesta ficha, imos repasar o **presente afirmativo** dos verbos en inglés. No caderno tendes o exemplo da conxugación do verbo “work” para guiarvos. Tendes que copiar e completar as frases na libreta. **Recorda!** Para a terceira persoa (he, she, it) afirmativa, engadimos un **-s** ó verbo. Como título do exercicio, escribide “Exercise 9. Present tense”.

Unha vez rematado o exercicio, e despois de revisar ben as respostas, **consultade o documento “Exercise 9 answers”** para corrixilas.

- **Ficha 3: When I grow up I want to be...**

Nesta actividade tendes que **visualizar primeiro o seguinte vídeo en Youtube**: <https://www.youtube.com/watch?v=x8tF2aQoukY>

Fixádevos ben nas frases que aparecen con cada “job or profession” (profesión), onde se describen os diferentes traballos. Se ledes ben, veredes como conxuga o verbo en terceira persoa engadindo un -s ó final. Por exemplo: “Carpenter. A carpenter makes things from wood”.

Unha vez rematedes de ver o vídeo, **abride o documento titulado “When I grow up I want to be”**, onde debedes pensar que profesión vos gustaría desempeñar no futuro, cando sexades maiores. No caderno, copiade o título da ficha “When I grow up I would like to be...” (cando sexa maior, gustaríame ser...) e escribide a continuación o nome da profesión. Despois, cunha sinxela frase como as que aparecen no vídeo, describide esa profesión. Por último, completádeo facéndoos a vos nese traballo. Por exemplo, se queredes ser veterinarios, tendes que debuxarvos vestidos desta profesión. Coloreade o debuxo.